

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Bases reguladoras das Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7. PEL-Autónomos/as 2024)

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia 2024/15 de 4 de xaneiro de 2024, avocouse a competencia para a aprobación das bases reguladoras das Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7. PEL-AUTÓNOMOS/AS 2024) que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PEL _AUTÓNOMOS/AS ANO 2024

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición ecolóxica
Sección	Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Anualidade	2024
Denominación	Liña 2.7. PEL-AUTÓNOMOS/ AS 2024. Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas
Beneficiarios	Persoas autónomas que desenvolvan unha actividade económica con ánimo de lucro, con domicilio fiscal nun concello da Coruña de menos de 20.000 habitantes e unha antigüidade máxima de 5 anos.
Programa	Plan de Emprego Local (PEL)
Aplicación orzamentaria	0520/24100/479
Importe da convocatoria	1.000.000,00 €
Importe do orzamento de gastos	
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.200,00 € Máximo 2.400,00 €
Importe solicitado	200 euros/mes por cota subvencionable
Coeficiente de financiamento	
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

O contido das presentes bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 40 da Constitución Española, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego, á Estratexia española de apoio ao emprego 2021-2024, dentro da Axenda 20 para o emprego da Xunta de Galicia, que teñen como misión principal apoiar ás persoas e ás empresas na creación de emprego estable e de calidade procurando que ese emprego se mantenga, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible promovendo o crecemento económico sostido e facilitando a adopción de medidas urxentes contra o cambio climático a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda.

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible

dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Estas axudas enmárcanse na liña 2.7 PEL-AUTÓNOMOS do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2024, para sufragar parte das cotas da Seguridade Social do período 2024 de persoas autónomas nos meses en que non reciben outras axudas/bonificacións/reducións ou calquera outras que supoñan unha redución das cotas correspondentes. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores estratéxicos emerxentes, priorízanse nestas axudas PEL aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondentes a estratexias estatais e europeas. Estes sectores están enmarcados na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027. Tamén se tivo en conta á hora de determinar os sectores prioritarios aqueles encadrados nos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto os referidos ao reto demográfico e a economía dos coidados, fomento dunha economía fundada no uso de enerxías que procuren un menor impacto ambiental, fomento da economía circular e da eficiencia no ciclo da auga, favorecer o turismo sustentable, aumentar a rendibilidade e competitividade da industria agroalimentaria e consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D.

Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros sectores que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estes sectores nas súas axudas.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 (BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2024 na aplicación orzamentaria 0520/24100/479 por un importe de **1.000.000,00 €**.

Poderase incrementar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 2.- Obxecto e finalidade

O seu **obxecto** é regular as axudas para o ano 2024 da Liña 2.7. PEL Autónomos/as, axudas para sufragar parte das cotas da seguridade social do ano 2024 de persoas autónomas nos meses que non reciben outras axudas concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados, segundo a definición da base 8ª destas bases reguladoras, para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social

A **finalidade** de estas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo.

Base 3.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio do extracto da convocatoria que se publicará no BOP por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Base 4.- Destinatarios/as e requisitos

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas que reúnan con anterioridade á data de fin de presentación das solicitudes os seguintes requisitos:

- Ter o **domicilio fiscal** nun Concello da provincia da Coruña **de poboación menor a 20.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística e segundo o recollido no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

- **Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial ou sistema especial por conta propia** da Seguridade Social, con unha **antigüidade** ininterrompida máxima de 5 anos anteriores a data de publicación da convocatoria destas axudas. Considérase que non existe interrupción cando entre o cese e a nova alta transcorran menos de 12 meses.
- Estar dado de **alta** en algunha actividade **empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria como titular.
- Ter unha **antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade** empresarial que desenrola segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade. A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese e a nova alta transcorran menos de 12 meses.
- **Non recibir na anualidade 2024 ningunha axuda ou concepto similar conforme a definición contida na base 8.-Compatibilidade/incompatibilidade**, por parte de ningunha entidade ou organismo público para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social.

No caso de que se perciban axudas durante unha parte do ano, poderá solicitarse por aquelas mensualidades onde non se perciban tales axudas **sempre que o número de ditas mensualidades sexa igual ou superior a seis meses**.

Base 5.- Exclusiones da liña PEL-Autónomos/as

Exclúense dos destinatarios destas axudas os/as **autónomos/as colaboradores**, os **mutualistas de colexios profesionais** e os **autónomos societarios**.

Enténdense como autónomos societarios aqueles que participando na titularidade ou administración dunha entidade empresarial societaria estean obrigados a alta no sistema especial de traballadores por conta propia ou Autónomos, segundo o recollido no Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral da seguridade Social e a súa normativa de desenvolvemento, e non desempeñen unha actividade empresarial independente e separada da desenvolvida pola persoa xurídica na que participan. Entenderase como mutualistas de colexios profesionais aqueles que se encontren de alta en Mutualidades profesionais como sistema alternativo ao alta obrigatoria no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Base 6.-Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, as cotas mensuais de autónomos correspondentes ao ano 2024 que non reciban ningún tipo de axuda ou calquera outro concepto similar definido na base 8.-Compatibilidade/incompatibilidade destas bases específicas, por parte de ningunha entidade ou organismo público nin privado.

En todo caso non serán subvencionables as cotas inferiores a 200 € nin as correspondentes a períodos inferiores a un mes natural.

Conta	Descrición da conta
642	Seguridade Social a cargo da Entidade

Base 7.-Contía e período subvencionable da liña PEL -Autónomos/as

A axuda consistirá nunha contía fixa de 200 € por cada mes nos que se cumpran os requisitos ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses **correspondentes ao período subvencionado 2024**. Subvencionarásen exclusivamente as cotas mensuais correspondentes a anualidade 2024.

Contía máxima a solicitar (no caso de solicitar as 12 cotas)	2.400 €
Contía mínima a solicitar (no caso de solicitar 6 cotas)	1.200 €
Contía variable (en caso de solicitar máis de 6 e menos de 12)	200 * número de meses non subvencionados/bonificados

Base 8.- Compatibilidade/incompatibilidade

Compatibilidade con outras axudas do PEL: as subvenciones PEL son compatibles entre si.

Compatibilidade con outras axudas da Deputación: As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto

Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas: Esta axuda será incompatible con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos subvencionados por esta convocatoria.

Quedan comprendidas como axudas públicas ou privadas as subvencións, bonificacións, tarifas planas, reducións e ceses de actividade ou calquera outra que supoñan que o beneficiario vexa reducida a súa achega por razón de cotas ao correspondente réxime especial da Seguridade Social, concedidas por entidades ou organismos públicos o privados.

Base 9.- Criterios de valoración da liña PEL-Autónomos/as

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en SUBTEL que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación total das solicitudes obtense mediante a suma automática da puntuación dos criterios de valoración indicados a continuación

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PEL-Autónomos/as			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (25 puntos)
1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa <i>Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estadística (IGE)</i> (Máximo 16 puntos)	Menor ou igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	Actividade económica do solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria.</i>	Solicitantes de sectores estratéxicos (só aqueles indicados no Anexo 2 destas bases)	3
3	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL AUTÓNOMOS 2023*	O solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL autónomos/as 2022	2
4	Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL Autónomos (**)	Se o/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda en ningunha convocatoria de PEL Autónomos	4

(*) **Non obterán puntuación neste apartado 3 aqueles/las que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión na convocatoria PEL-Autónomos 2023.**

(**) **Non obterán puntuación neste apartado 4 aqueles/as que teñan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión na algunha convocatoria anterior de Pel-Autónomos.**

Base 10.- Concesión

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, e o tipo de concesión será o de concesión definitiva, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

Base 11.- Prazo de xustificación e documentación xustificativa para o pago da liña PEL-Autónomos/as

11.1. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2025**, ás 14:00 horas.

11.2. Documentación xustificativa necesaria

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTEL, no apartado de xustificación da súa solicitude, a documentación xustificativa específica da liña recollida no Anexo 1. Documentación.

A subvención concedida aboarase trala correcta presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

Base 12.- Compromisos específicos da liña PEL-Autónomos/as

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PEL-Autónomos/as, ademais dos compromisos sinalados na base 4ª da Parte Xeral, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- As persoas autónomas beneficiarias desta liña, deberán adquirir o compromiso de estar dado de alta e manter a actividade como mínimo ata o **31 de decembro de 2024**.
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, nin aumento do importe concedido.

Base 13.- Publicidade

A publicidade do carácter público do financiamento do investimento realizado levarase a cabo das seguintes formas:

No centro de traballo

Colocación dun cartel a cor cun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado ou similar, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

Na páxina web

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/axudas>).

Estas obrigas se entenderán como mínimo dende a data de concesión e durante todo o período subvencionado.

ANEXO 1. DOCUMENTACIÓN

DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE	
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"> - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. - Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado. - Declaración das axudas públicas baixo o Réxime de mínimos solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos (Modelo dispoñible en SUBTEL) - Informe de Vida laboral do/a autónomo/a correspondente onde conste a data de alta no RETA. - Autorización de representación para a presentación da solicitude en caso de non coincidir coa persoa solicitante . - Comprométome a facer o cargo das cotas de autónomos da Tesourería da Seguridade Social obxecto desta axuda nunha conta bancaria da que o solicitante desta subvención é titular.

DOCUMENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN	
XUSTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. - Memoria xustificativa segundo o modelo dispoñible en Subtel. - Certificación de gastos realizados(Impreso descargable en Subtel) e que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados. - Declaración de ingresos. Declaración do beneficiario de non ter percibido axudas públicas ou privadas, consonte a definición de axuda prevista na base 8ª, para o mesmo obxecto no período subvencionado. - Modelo de designación de conta bancaria para incluír no Rexistro de terceiros aos efectos de domiciliación dos pagos na Deputación de A Coruña. - Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria correspondente. - Acreditación gráfica da publicidade realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso. - Informe de bases e cotas ingresadas emitido pola Tesourería da Seguridade Social. - Declaro que o cargo das cotas de autónomos da Tesourería da Seguridade Social obxecto desta axuda se fixo nunha conta bancaria da que o solicitante desta subvención é titular.

ANEXO 2

Actividades económicas a valorar segundo a Base 9.2 dos criterios de valoración : Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
SECTORES AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E PESQUEIROS*	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 e 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021,022, 024 e 099
	*Estarán tamén incluídos aqueles solicitantes nos que conforme ao artigo 78.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, non teñen a consideración de actividades empresariais aos efectos do IAE e non quedan suxeitos o feito imponible de este imposto, pertencentes aos seguintes Código/Actividade: B01 Agrícola; B02 Gandeira; B05 Pesqueira			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS E TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363 383.1 a 383.5 389.1 a 389.9
INDUSTRIA DA MADEIRA	EMPRESARIAL	1	4	461 a 468 473
OUTRAS PRODUCIÓNS DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4

Actividades económicas a valorar segundo a Base 9.2 dos criterios de valoración : Actividade económica do solicitante (aqueles solicitantes que non teñan de alta estas actividades non recibirán puntuación neste criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371 e 372
	PROFESIONAL	2	2	212 e 228
INDUSTRIA AERONÁUTICA	EMPRESARIAL	1	3	382 391.2
	PROFESIONAL	2	2	211, 221 e 299
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL	EMPRESARIAL	1	2	231.2 244.2 a 244.3 245
CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA	EMPRESARIAL	1	3	321 393 324.1 329.1
	PROFESIONAL	2	2	311, 321
ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9 474.1 a 476.9
			3	322
	PROFESIONAL	2	7	751
INDUSTRIA AUDIOVISUAL	EMPRESARIAL	1	3, 4, 9	393 (unicamente referido a material fotográfico e cinematográfico); 493; 961 a 963 973.1 (servizos fotográficos),
TRANSPORTE	EMPRESARIAL	1	7	722
INDUSTRIA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611-645(con exclusión do epígrafe 631) 647-665
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só servizos informáticos)
			2	213, 222 e 225
			7	762a 765
INDUSTRIA DOS COIDADOS	EMPRESARIAL	1	9	951 e 952
TURISMO	EMPRESARIAL	1	6	681 a 687
	PROFESIONAL	2	5 e 8	521 ; 882 e 883
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	PROFESIONAL	2	7 e 8	751 861 e 862
INDUSTRIA TEXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431 a 455
ARTESANÍA E OUTRAS ACTIVIDADES VENCELLADAS (*)	EMPRESARIAL	1	2, 9	246.2, 246.5 e 246.6 247.2 e 247.4 253.6 255.1 a 255.3 316.2 e 316.4 399.1, 399.3, 399.8 y 399.9 491 e 492 494 e 495 971.2 y 971.3
				PROFESIONAL

(*)so se entenderan como artesanais aquelas actividades que reúnan os requisitos previstos na normativa reguladora e que contén coa certificación acreditativa.

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores prioritarios na **Estratexia de especialización intelixente (RIS3)**, pero adaptando as actividades a aquelas máis importantes na provincia da Coruña.

Para aqueles solicitantes que teñan de alta epígrafes do IAE non comprendidos na táboa anterior e realicen actividades económicas da mesma natureza que as sinaladas nestes epígrafes, poderán acreditarlo documentalmente mediante o certificado de vida laboral, cando haxa coincidencia co código CNAE que consten en dito documento.

BASES REGULADORAS DEL PROGRAMA DE AYUDAS PEL _AUTÓNOMOS/AS AÑO 2024

Unidad gestora	Servicio de Desarrollo Territorial y Transición ecológica
Sección	Desarrollo Territorial, Cooperación y Medio Ambiente
Anualidad	2024
Denominación	Línea 2.7. PEL-AUTÓNOMOS/ AS 2024. Ayudas de apoyo al emprendimiento a través de la financiación de las cuotas sociales de personas autónomas
Beneficiarios	Personas autónomas que desarrollen una actividad económica con ánimo de lucro, con domicilio fiscal en un ayuntamiento de A Coruña de menos de 20.000 habitantes y una antigüedad máxima de 5 años.
Programa	Plan de Empleo Local (PEL)
Aplicación presupuestaria	0520/24100/479
Importe de la convocatoria	1.000.000,00 €
Importe del presupuesto de gastos	
Importe de la subvención que se va a conceder	Mínimo 1.200,00 € Máximo 2.400,00 €
Importe solicitado	200 euros/mes por cuota subvencionable
Coefficiente de financiación	
Gasto anticipado	Sí, será de aplicación el establecido en la disposición adicional de las Bases Generales.

Exposición de motivos

El contenido de las presentes bases está enmarcado dentro de lo establecido en el artículo 40 de la Constitución Española, en los objetivos de crecimiento y empleo de la Unión Europea conforme a la Estrategia Europea de Empleo, a la Estrategia española de apoyo al empleo 2021-2024, dentro de la Agenda 20 para el empleo de la Xunta de Galicia, que tienen como misión principal apoyar a las personas y a las empresas en la creación de empleo estable y de calidad procurando que ese empleo se mantenga, y en la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible promoviendo el crecimiento económico sostenido y facilitando la adopción de medidas urgentes contra el cambio climático a través de los objetivos de desarrollo sostenible incluidos en la Agenda.

La Diputación de A Coruña, a través del Plan de Empleo Local (PEL), continúa mostrando su apoyo al tejido empresarial de la provincia, con el objetivo de alcanzar unos mayores niveles de desarrollo económico, de calidad en el empleo, de bienestar social y de cohesión del territorio. Estas ayudas tratan de adoptar medidas que promuevan un modelo de desarrollo económico que favorezca la capacidad creativa y emprendedora de la provincia y sostenimiento de los negocios, cómo fuente de riqueza y cómo elemento esencial para el crecimiento, la mejora de la competitividad y la modernización del tejido productivo gallego.

El Plan de Empleo Local constituye una estrategia integrada de cooperación para el desarrollo sostenible de la provincia que tiene como principal objetivo fijar población en los ayuntamientos de la provincia y contribuir a un crecimiento sostenible de los mismos promoviendo la creación de empleo estable y de calidad a nivel local y facilitando la empleabilidad de las personas en situación de desempleo, especialmente en el ámbito rural.

Estas ayudas se enmarcan en la línea 2.7 PEL-AUTÓNOMOS del Plan de Empleo Local de la Diputación de A Coruña para el período 2024, para sufragar parte de las cuotas de la Seguridad Social del período 2024 de personas autónomas en los meses en que no reciben otras ayudas/bonificaciones/reducciones o cualquier otras que supongan una reducción de las cuotas correspondientes. Con ellas la Diputación de A Coruña quiere facilitar tanto la puesta en marcha de nuevos proyectos empresariales innovadores, así como apoyar a los ya existentes, con el fin de estimular e impulsar la recuperación del tejido empresarial en la provincia de A Coruña, fomentando el desarrollo equilibrado del territorio provincial y favoreciendo la creación de empleo a través de la creación de empresas por parte de nuevos emprendedores dentro del marco de la Estrategia anual de Crecimiento sostenible de la Unión Europea.

Con la finalidad de reforzar el apoyo a las empresas de la provincia enmarcada en los sectores estratégicos emergentes, en estas ayudas PEL se priorizan aquellas iniciativas empresariales con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondientes a estrategias estatales y europeas. Estos sectores están enmarcados en la Estrategia de Especialización Inteligente (RIS3), que define las prioridades y objetivos a los que se enfoca la inversión de I+D+i en Galicia en el período 2021-2027. También se tuvo en cuenta a la hora de determinar los sectores prioritarios aquellos encuadrados en los objetivos del Plan Estratégico de Galicia 2022-2030, en concreto los referidos al reto demográfico y la economía de los cuidados, fomento de una economía fundada en el uso de energías que procuren un menor impacto ambiental, fomento

de la economía circular y de la eficiencia en el ciclo del agua, favorecer el turismo sostenible, aumentar la rentabilidad y competitividad de la industria agroalimentaria y consolidar una cultura de crecimiento a partir de la innovación y la I+D.

Además de los sectores recogidos en esta Agenda, existen otros sectores que son un eje fundamental en la economía gallega, cómo son los sectores del Comercio y Turismo. Dado su elevado peso en la estructura productiva y en el empleo, la economía gallega es muy sensible a la evolución del turismo y del comercio por lo que la Diputación de A Coruña trata también de favorecer a estos sectores en sus ayudas.

1.- BASES GENERALES

Bases Generales reguladoras de los programas de subvenciones de la Diputación provincial de A Coruña, aprobadas por resolución del presidente de la Diputación número 34561 de 14 de septiembre de 2023 ([BOP número 178, lunes, 18 de septiembre de 2023](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Financiación

Estas ayudas se financian con cargo al Presupuesto general de la Diputación para el ejercicio 2024 en la aplicación presupuestaria 0520/24100/479 por un importe de 1.000.000,00 €.

Se podrá incrementar la cuantía máxima de los créditos disponibles para esta convocatoria en el caso de existir crédito adecuado y suficiente.

Base 2.- Objeto y finalidad

Su **objeto** es regular las ayudas para el año 2024 de la Línea 2.7. PEL Autónomos/as, ayudas para sufragar parte de las cuotas de la seguridad social del año 2024 de personas autónomas en los meses que no reciben otras ayudas concedidas por entidades u organismos públicos o privados, según la definición de la base 8.^a de estas bases reguladoras, para sufragar las cuotas correspondientes al régimen especial o sistema especial por cuenta propia de la Seguridad Social.

La finalidad de estas ayudas es el fomento del emprendimiento y el trabajo por cuenta propia en los municipios de la provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes poniendo en marcha mecanismos necesarios para la supervivencia y fortalecimiento del tejido empresarial autónomo.

Base 3.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se determinará en el anuncio del extracto de la convocatoria que se publicará en el BOP, por conducto de la Base de datos Nacional de Subvenciones.

Base 4.- Destinatarios/as y requisitos

Estas ayudas van dirigidas a personas autónomas que reúnan con anterioridad a la fecha de fin de presentación de las solicitudes los siguientes requisitos:

- Tener el **domicilio fiscal** en un Ayuntamiento de la provincia de A Coruña **de población menor a 20.000 habitantes** conforme los datos más recientes disponibles en el Instituto Gallego de Estadística y según lo recogido en el Certificado de situación censal de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria (AEAT).
- **Estar dado de alta en el Régimen Especial de Trabajadores Autónomos (RETA) o cualquier otro régimen especial o sistema especial por cuenta propia** de la Seguridad Social, con una **antigüedad** ininterrumpida máxima de 5 años anteriores a la fecha de publicación de la convocatoria de estas ayudas. Se considera que no existe interrupción cuando entre el cese y la alta nueva transcurran menos de 12 meses.
- Estar dado de alta en alguna actividad **empresarial** y constar recogida en el Certificado de Situación Censal de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria como titular.
- Tener una **antigüedad máxima de 5 años de ejercicio ininterrumpido en la actividad** empresarial que desarrolla según la información recogida en el certificado de situación censal de la entidad. A estos efectos, se considera que existe continuidad en la misma actividad económica cuando entre el cese y el alta nueva transcurran menos de 12 meses.
- **No recibir en la anualidad 2024 ninguna ayuda o concepto similar conforme la definición contenida en la base 8.- Compatibilidad/incompatibilidad**, por parte de ninguna entidad u organismo público o privado para sufragar las cuotas correspondientes al régimen especial o sistema especial por cuenta propia de la Seguridad Social.

En caso de que se perciban ayudas durante una parte del año, podrá solicitarse para aquellas mensualidades donde no se perciban tales ayudas **siempre que el número de dichas mensualidades sea igual o superior a seis meses**.

Base 5.- Exclusiones de la línea PEL-Autónomos/as

Se excluyen de los destinatarios de estas ayudas los/as **autónomos/as colaboradores**, los **mutualistas de colegios profesionales** y los **autónomos societarios**.

Se entienden cómo autónomos societarios aquellos que, participando en la titularidad o administración de una entidad empresarial societaria, estén obligados al alta en el sistema especial de trabajadores por cuenta propia o Autónomos, según lo recogido en el Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, por lo que se aprueba el Texto refundido de la Ley General de la seguridad Social y su normativa de desarrollo, y no desempeñen una actividad empresarial independiente y separada de la desarrollada por la persona jurídica en la que participan. Se entenderá como mutualistas de colegios profesionales aquellos que se encuentren de alta en Mutualidades profesionales como sistema alternativo al alta obligatoria en el Régimen Especial de Trabajadores Autónomos.

Base 6.-Gastos subvencionables

Tendrán la consideración de gastos subvencionables dentro de esta línea, las cuotas mensuales de autónomos correspondientes al año 2024 que no reciban ningún tipo de ayuda o cualquier otro concepto similar definido en la base 8.-Compatibilidad/incompatibilidad de estas bases específicas, por parte de ninguna entidad u organismo público ni privado.

En todo caso no serán subvencionables las cuotas inferiores a 200 € ni las correspondientes a períodos inferiores a un mes natural.

Cuenta	Descripción de la cuenta
642	Seguridad Social a cargo de la Entidad

Base 7.-Cuantía y período subvencionable de la línea PEL-Autónomos/as

La ayuda consistirá en una cuantía fija de 200 € por cada mes en los que se cumplan los requisitos hasta un máximo de 12 meses y un mínimo de 6 meses **correspondientes al período subvencionado 2024**. Se subvencionarán exclusivamente las cuotas mensuales correspondientes a la anualidad 2024.

Cuantía máxima a solicitar (en el caso de solicitar las 12 cuotas)	2.400 €
Cuantía mínima a solicitar (en el caso de solicitar 6 cuotas)	1.200 €
Cuantía variable (en caso de solicitar más de 6 y menos de 12)	200 * número de meses no subvencionados/bonificados

Base 8.- Compatibilidad/incompatibilidad

Compatibilidad con otras ayudas del PEL: las subvenciones PEL son compatibles entre sí.

Compatibilidad con otras ayudas de la Diputación: Las ayudas PEL serán incompatibles con cualquier otra ayuda concedida por esta Diputación para el mismo objeto

Compatibilidad con otras ayudas públicas o privadas: Esta ayuda será incompatible con cualquier otra ayuda pública o privada para financiar los mismos conceptos subvencionados por esta convocatoria.

Quedan comprendidas cómo **ayudas públicas o privadas** las subvenciones, bonificaciones, tarifas planas, reducciones y ceses de actividad o cualquier otra que **supongan que el beneficiario vea reducida su aportación por razón de cuotas al correspondiente régimen** especial de la Seguridad Social, concedidas por entidades u organismos públicos o privados.

Base 9.- Criterios de valoración de la línea PEL-Autónomos/as

La Unidad gestora recogerá la puntuación total de acuerdo con los siguientes criterios de valoración de las solicitudes que cumplan los requisitos establecidos en las bases reguladoras.

Para la puntuación de cada solicitud se atenderá a uno **Check-List de valoración** disponible en SUBTEL que marcará cada uno de los/as solicitantes en el momento de cubrir la solicitud.

La puntuación total de las solicitudes se obtiene mediante la suma automática de la puntuación de los criterios de valoración indicados a continuación

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE LA LÍNEA PEL-AUTÓNOMOS/AS			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (25 puntos)
1	Población del municipio en el que se encuentre el domicilio fiscal de la empresa <i>Datos de población según los últimos datos disponibles en el Instituto Gallego de Estadística (IGE)</i> (Máximo 16 puntos)	Menor o igual a 2.000 habitantes	16
		De 2.001 a 4.000 habitantes	13
		De 4.001 a 5.000 habitantes	10
		De 5.001 a 10.000 habitantes	8
		De 10.001 a 19.999 habitantes	6
2	Actividad económica del solicitante Se tendrán en cuenta las actividades económicas que consten de alta en el Certificado de situación censal del solicitante <i>Datos referidos a la fecha de publicación de la convocatoria.</i>	Solicitantes de sectores estratégicos (solo aquellos indicados en el Anexo 2 de estas bases)	3
3	No haber sido beneficiario/a en la convocatoria PEL AUTÓNOMOS 2023*	El solicitante no fue beneficiario/a de esta ayuda en la convocatoria PEL autónomos/as 2022	2
4	No haber sido beneficiario/a en ninguna convocatoria de PEL Autónomos (**)	Si el/la solicitante no fue beneficiario/a de esta ayuda en ninguna convocatoria de PEL Autónomos	4

(*) **No obtendrán puntuación en este apartado 3 aquellos/as que hayan sido beneficiarios/as por Resolución de Concesión en la convocatoria PEL-Autónomos 2023.**

(**) **No obtendrán puntuación en este apartado 4 aquellos/as que hayan sido beneficiarios/as por Resolución de concesión en alguna convocatoria anterior de PEL-Autónomos.**

Base 10.- Concesión

El procedimiento de concesión de estas subvenciones se tramita mediante el régimen de concurrencia competitiva, y el tipo de concesión será el de concesión definitiva, según lo regulado en las bases generales de estas ayudas.

Base 11.- Plazo de justificación y documentación justificativa para el pago de la línea PEL-Autónomos/as

11.1. Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará el día **31 de marzo de 2025**, a las 14:00 horas.

11.2. Documentación justificativa necesaria

El/a beneficiario/a deberá presentar en la plataforma SUBTEL, en el apartado de justificación de su solicitud, la documentación justificativa específica de la línea recogida en el Anexo 1. Documentación.

La subvención concedida se abonará tras la correcta presentación de esta justificación de gastos y una vez acreditada la consecución de los objetivos previstos en la concesión.

Base 12.- Compromisos específicos de la línea PEL-Autónomos/as

Las personas o entidades beneficiarias de la línea PEL-Autónomos/as, además de los compromisos señalados en la base 4.ª de la Parte General, deberán cumplir con los siguientes compromisos y deberes:

- Las personas autónomas beneficiarias de esta línea, deberán adquirir el compromiso de estar dado de alta y mantener la actividad como mínimo hasta el **31 de diciembre de 2024**.
- Comunicar a través de la Plataforma de tramitación telemática SUBTEL cualquier modificación que afecte a la solicitud inicial realizada sin que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, ni aumento del importe concedido.

Base 13.- Publicidad

La publicidad del carácter público de la financiación de la inversión realizada se llevará a cabo de las siguientes formas:

En el centro de trabajo

Colocación de un cartel a color con un tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado o similar, en lugar visible para el público en el espacio de trabajo o, en caso de carecer de este, en un lugar relacionado con la actividad empresarial con el logotipo de la Diputación de A Coruña y del Plan de Empleo Local.

En la página web

Debe figurar expresamente el logotipo de la Diputación de A Coruña y el del Plan de Empleo Local en un lugar preferente de la página web de la empresa, de existir esta.

El único logotipo válido es el que estará disponible en la página web del Plan de Empleo Local (<https://emplego.dacoruna.gal/ayudas>).

Estas obligaciones se entenderán como mínimo desde la fecha de concesión y durante todo el período subvencionado.

ANEXO 1. DOCUMENTACIÓN

DOCUMENTACIÓN DE LA SOLICITUD	
SOLICITUD	<ul style="list-style-type: none"> - Certificaciones de las administraciones tributarias correspondientes y de la Tesorería de la Seguridad Social en las que se acredite que la entidad está al corriente en sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social. Podrá omitirse la presentación de esta documentación siempre que autorice expresamente en la Plataforma SUBTEL a consultas tributarias y no se ponga a la consulta de datos de la Seguridad Social. - Certificado de Situación Censual de la Agencia Estatal Tributaria actualizado. - Declaración de las ayudas públicas bajo el Régimen de mínimos solicitadas y/o recibidas en los 3 últimos años (Modelo disponible en SUBTEL) - Informe de Vida laboral del/a autónomo/a correspondiente donde conste la fecha de alta en el RETA. - Autorización de representación para la presentación de la solicitud en caso de no coincidir con la persona solicitante. - Compromiso de hacer el cargo de las cuotas de autónomos de la Tesorería de la Seguridad Social objeto de esta ayuda en una cuenta bancaria de la que el solicitante de esta subvención es titular.

DOCUMENTACIÓN DE LA JUSTIFICACIÓN	
JUSTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Certificaciones de las administraciones tributarias correspondientes y de la Tesorería de la Seguridad Social en las que se acredite que la entidad está al corriente en sus deberes tributarios y con la Seguridad Social. Podrá omitirse la presentación de esta documentación siempre que autorice expresamente en la Plataforma SUBTEL a consultas tributarias y no se ponga a la consulta de datos de la Seguridad Social. - Memoria justificativa según el modelo disponible en Subtel. - Certificación de gastos realizados (Impreso descargable en Subtel) y que se genera automáticamente una vez cumplimentada la relación clasificada de los gastos realizados. - Declaración de ingresos. Declaración del beneficiario de no haber percibido ayudas públicas o privadas, conforme la definición de ayuda prevista en la base 8.ª, para el mismo objeto en el período subvencionado. - Modelo de designación de cuenta bancaria para incluir en el Registro de terceros a los efectos de domiciliación de los pagos en la Diputación de A Coruña. - Certificado acreditativo de la titularidad de la cuenta emitido por la entidad bancaria correspondiente. - Acreditación gráfica de la publicidad realizada y enlace a la web de la entidad, en su caso. - Informe de bases y cuotas ingresadas emitido por la Tesorería de la Seguridad Social. - Declaración que el cargo de las cuotas de autónomos de la Tesorería de la Seguridad Social objeto de esta ayuda se hizo en una cuenta bancaria de la que el solicitante de esta subvención es titular.

ANEXO 2

Actividades económicas a valorar según la Base 9.2 de los criterios de valoración : Actividad económica del solicitante (aquellos solicitantes que no tengan de alta estas actividades no recibirán puntuación en este criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDAD	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPIGRAFE
SECTORES AGRÍCOLAS, GANADEROS, FORESTALES Y PESQUEROS*	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 y 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021,022, 024 y 099
	*Estarán también incluidos aquellos solicitantes en los que conforme al artículo 78.2 del RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, no tienen la consideración de actividades empresariales a los efectos del IAE/IAE y no quedan sujetos el hecho imponible de este impuesto, pertenecientes a los siguientes Código/Actividad: B01 Agrícola; B02 Ganadera; B05 Pesquera			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS Y TRANSICIÓN A UNA MOVILIDAD SOSTENIBLE	EMPRESARIAL	1	3	361 a 363 383.1 a 383.5 389.1 a 389.9
INDUSTRIA DE LA MADERA	EMPRESARIAL	1	4	461 a 468. 473
OTRAS PRODUCCIONES DE ENERGÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN Y MANTENIMIENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371 y 372
	PROFESIONAL	2	2	212 y 228
INDUSTRIA AERONÁUTICA	EMPRESARIAL	1	3	382 391.2
	PROFESIONAL	2	2	211, 221 y 299
INDUSTRIAS DE LA PIEDRA NATURAL	EMPRESARIAL	1	2	231.2 244.2 a 244.3 245
CONSTRUCCIÓN DE MAQUINARIA	EMPRESARIAL	1	3	321 393 324.1 329.1
	PROFESIONAL	2	2	311, 321

Actividades económicas a valorar según la Base 9.2 de los criterios de valoración : Actividad económica del solicitante (aqueles solicitantes que no tengan de alta estas actividades no recibirán puntuación en este criterio de valoración)				
SECTOR	ACTIVIDAD	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPIGRAFE
ARTES GRÁFICAS Y EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9 474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3 7	322 751
INDUSTRIA AUDIOVISUAL	EMPRESARIAL	1	3,4,9	393 (únicamente referido a material fotográfico y cinematográfico); 493; 961 a 963 973.1 (servicios fotográficos),
TRANSPORTE	EMPRESARIAL	1	7	722
INDUSTRIA DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS Y BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
COMERCIO	EMPRESARIAL	1	6	611-645(con exclusión del epígrafe 631) 647-665
TELECOMUNICACIONES Y ACTIVIDADES INFORMÁTICAS	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (solo servicios informáticos)
	PROFESIONAL	2	2 7	213, 222 y 225 762a 765
INDUSTRIA DE LOS CUIDADOS	EMPRESARIAL	1	9	951 y 952
TURISMO	EMPRESARIAL	1	6	681 a 687
	PROFESIONAL	2	5 y 8	521 ; 882 y 883
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991
INDUSTRIAS CREATIVAS	PROFESIONAL	2	7 y 8	751 861 y 862
INDUSTRIA TEXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431 a 455
ARTESANÍA Y OTRAS ACTIVIDADES VINCULADAS (*)	EMPRESARIAL	1	2,9	246.2, 246.5 y 246.6 247.2 y 247.4 253.6 255.1 a 255.3 316.2 y 316.4 399.1, 399.3, 399.8 y 399.9 491 y 492 494 y 495 971.2 y 971.3
	PROFESIONAL	2	8	861 y 862

(*) Solo se entenderán como artesanales aquellas actividades que reúnan los requisitos previstos en la normativa reguladora y que cuenten con la certificación acreditativa.

Esta tabla de actividades fue elaborada tomando como referencia las actividades económicas recogidas como sectores prioritarios en la Estrategia de especialización inteligente (RIS3), pero adaptando las actividades a aquellas más importantes en la provincia de A Coruña.

Para aquellos solicitantes que tengan de alta epígrafes del IAE no comprendidos en la tabla anterior y realicen actividades económicas de la misma naturaleza que las señaladas en estos epígrafes, podrán acreditarlo documentalmente mediante el certificado de vida laboral, cuando haya coincidencia con el código CNAE que consten en dicho documento.

A Coruña, 12 de xaneiro de 2024

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

Amparo Taboada Gil

2024/243